

Concello de San Sadurniño

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de setembro de 2022
Duración	Desde as 19:30 ata as 20:27 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Secundino García Casal
Secretario	Olalla Alvarez de Neyra Martinez

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
32706795J	ARACELI BELLAS CASTRO	SÍ
76403948H	José Luis Hermida Prieto	SÍ
32665954C	Lois Anxo Rodríguez Calvo	NON
32650976S	Manuel Beceiro Couce	SÍ
32626037P	Manuel Varela Mecías	NON
32647647K	María Amparo Calvo González	SÍ
76413184P	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
32680363P	María Carmen Muíño Filgueira	SÍ
32696031J	María Esther Díaz Vergara	SÍ
32643269J	Secundino García Casal	SÍ
32653802N	Tomás Calvo García	SÍ



Concello de San Sadurniño

Escusas de asistencia presentadas:

- Lois Anxo Rodríguez Calvo:
«informa imprevisto de última hora»
- Manuel Varela Mecías:
«convalecente de intervención quirúrxica»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sométense a aprobación dos membros presentes as actas das sesións ordinaria de 28 de xullo de 2022 e extraordinaria e urxente de 24 de agosto de 2022, aprobándose ambas por unanimidade dos presentes

Expediente 387/2022. Subvencións POS AD 02/2022

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Con base na proposta de Alcaldía que se transcribe literalmente:

"ANTECEDENTES:

O Pleno deste concello, na sesión realizada o día 27/01/2022, adoptou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña.

O Concello solicitou a adhesión a este plan, engadindo unha serie de proxectos no seu complementario.

Con data do 31/05/2022 publicouse no BOP o anuncio de aprobación da convocatoria do Plan adicional 02/2022 do dito POS+2022.

Debido ao interese do Concello en participar na devandita convocatoria, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, e dado que a solicitud implica un



Concello de San Sadurniño

acordo plenario que debe trasladarse antes do vindeiro 5 de outubro,

PROPOÑO AO PLENO:

Declarar a urxencia da inclusión do presente punto na orde do día da sesión plenaria.

Acordar a participación do Concello de San Sadurniño no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes xerados en 2022	98.203,06 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Pavimentación do Camiño da Chabola ao Chao de San Cristovo e formación de senda peonil	86.329,24 €	-	-	-	86.329,24 €
Ensanche e pavimentación do Camiño entre A Camba (Dp-7601, San Sadurniño) e Vigo (Límite Concello de Moeche)	169.281,43 €	-	-	-	169.281,43 €
TOTAL	255.610,67 €	-	-	-	255.610,67 €

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación

Concello de San Sadurniño

Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais

-

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios	98.203,06 €				98.203,06 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	255.610,67 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	255.610,67 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais	0,00 €				0,00 €
TOTAL	353.813,73 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	353.813,73 €

Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Iníciase o tratamento do punto da orde do día sometendo a votación a declaración da urxencia para a súa inclusión na presente sesión, xustificada pola Alcaldía no coñecemento da necesidade de acordo plenario cando xa estaba para convocarse o presente, e acórdase por unanimidade dos presentes a súa inclusión.

Intervén dona María Muiño, voceira do Grupo Municipal do BNG, para indicar que se trata dun acordo para valorar o gasto vinculado ao POS adicional, mencionando que no pleno de 27 de xaneiro prestouse a aprobación plenaria para a inclusión no POS adicional de dúas obras, concretando que



Concello de San Sadurniño

se tratan das obras de "pavimentación camiño de A Chabola ao Chao de San Cristovo e formación de senda peonil" por importe de 86.329,34€ e de "ensanche e pavimentación de camiño dende A Camba a Vigo (límite termo municipal con Moeche" por importe de 169.281,43€. Non obstante, dito Plan Provincial tivo unha modificación que permite a inclusión de parte de gasto corrente para dar cobertura ao aumento de custos como combustible e outros derivado da situación actual. Indica que o importe solicitado neste punto é de 98.203,06€.

Dona Belén Trigo, voceira do Grupo Municipal do PP, sinala que entende que se trata dun Plan, o POS adicional, que financia o 100% dunha serie de investimentos e que nada ten que engadir ao respecto.

Don Secundino García, Alcalde, intervéñen para sinalar que esta cuestión xorde froito da pelexa por parte de organizacións políticas na Deputación para poder transferir a maioría dos seus fondos aos Concellos; sinala que na súa opinión o Plan Único, respecto do que estivo en contra o PP, é unha boa solución que dá algo de solvencia económica aos Concellos para a prestación dos servizos que lles atribúe a Lei. Reitera que o PP manifestouse en contra do Plan Único mediante unha concentración e lle roga un exame de conciencia ao respecto e a rectificación da súa postura xa que, según considera, o Plan Único é bo para os Concellos.

Sen producirse máis intervencións, estimándose suficientemente debatido o asunto da orde do día, sométese a votación, aprobándose por unanimidade os seguintes ACORDOS:

1. Acordar a participación do Concello de San Sadurniño no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes xerados en 2022	98.203,06 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		

Concello de San Sadurniño

Pavimentación do Camiño da Chabola ao Chao de San Cristovo e formación de senda peonil	86.329,24 €	-	-	-	86.329,24 €
Ensanche e pavimentación do Camiño entre A Camba (Dp-7601, San Sadurniño) e Vigo (Límite Concello de Moeche)	169.281,43 €	-	-	-	169.281,43 €
TOTAL	255.610,67 €	-	-	-	255.610,67 €

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	-

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios	98.203,06 €				98.203,06 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	255.610,67 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	255.610,67 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais	0,00 €				0,00 €



Concello de San Sadurniño

TOTAL	353.813,73 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	353.813,73 €
--------------	---------------------	---------------	---------------	---------------	---------------------

2. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
3. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.
4. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
5. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
6. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
7. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

Expediente 498/2022. Ordenanza Xeral de Subvencións

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Coa referencia do ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno que se reproduce a continuación:

"Intervén don Manuel Varela, voceiro suplente do grupo municipal do BNG, para indicar que se trata dun documento eminentemente técnico e que trata básicamente de cumprir a Lei, puntualizándose pola Secretaria-Interventora as diferentes vías ofrecidas pola Lei Xeral de Subvencións e os motivos técnicos que fundamentaron no seu informe propoñer unha Ordenanza Xeral.

Intervén dona María Esther Díaz, do grupo municipal do PP, para indicar que existe un órgano no que teñen representación as diferentes entidades asociativas do Concello, e pregunta se se consultou con elas o borrador da Ordenanza. O concelleiro Manuel Varela indica que existe, tras a aprobación inicial, unha exposición pública de trinta días soltos para poder facer comentarios ou observacións; interesa dona María Esther Díaz que se faga unha publicidade activa de dita aprobación e prazo de exposición e se acuda en tal caso a este órgano e aos seus membros para comunicarllo. Don Manuel Varela sinala que é factible realizar unha comunicación ao Consello de participación veciñal, así como unha publicidade activa mediante inserción de anuncios ou avisos nos boletíns de Novas do Concello ou a páxina web, así como o traslado do texto vía email ás diferentes entidades.

Deliberan os concelleiros presentes acerca do carácter fundamentalmente técnico e xeral do documento, sendo que a concreción das subvencións virá dada polas convocatorias sucesivas que se vaian aprobando.



Concello de San Sadurniño

Suficientemente debatido o asunto da orde do día, a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno dictamina favorablemente por unanimidade dos seus membros presentes e propón ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal Xeral de Subvencións co texto que figura no expediente.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días soltos para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Facultar a Alcalde para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto."

Intervén dona María Muíño, voceira do Grupo Municipal do BNG, para sinalar que se trata da aprobación inicial dunha Ordenanza Xeral de Subvencións, un documento técnico fundamentalmente que sirva de marco e que recolle os elementos legais e de procedemento xeral dos procesos de subvencións, que leva tamén un documento marco de convocatoria para dar uniformidade no funcionamento do Concello. Indica tamén que despois da aprobación inicial procederase á exposición pública para que poidan presentarse suxestións e aportacións. Sinala tamén que quere facer mención do sinalado na sesión da Comisión Informativa acerca da publicidade desta cuestión e indica que se fará un esforzo para achegar este texto a asociacións e ao público en xeral.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do Grupo Municipal do PP, para sinalar que efectivamente é unha Ordenanza Xeral e que entenden que é necesaria e obrigatoria por Lei e que servirá para que o Concello faga uso dela, xa que non existía ata o de agora.

Sen producirse máis intervencións, estimándose suficientemente debatido o asunto da orde do día, sométese a votación e por unanimidade dos membros presentes, o Pleno da Corporación adopta os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal Xeral de Subvencións co texto que figura no expediente.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días soltos para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Facultar a Alcalde para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Expediente 78/2022. Modificación puntual NNSS - 3

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 3, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Coa referencia do ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno que se reproduce a continuación:

□

Intervén don Manuel Varela, voceiro suplente do grupo municipal do BNG, para explicar que se trata de iniciar o trámite para modificar puntualmente as Normas Subsidiarias de aplicación no termo municipal de San Sadurniño, no tocante exclusivamente á denominada



Concello de San Sadurniño

"finca da Cortiña" ao efecto de obter suelo residencial, sendo que no futuro plantexarase o xeito de xestión de dito solo.

Don Lois Anxo Rodríguez, do grupo municipal do PSOE, inquire se existe un modelo de xestión polo que se decante o equipo de goberno, deliberando os señores concelleiros sobre diferentes posibilidades, indicando don Manuel Varela que se ben existe unha aposta clara pola promoción pública, non existe todavía unha preferencia clara entre as existentes, que van dende a cesión do solo ao Instituto Galego de Vivenda ata a propia promoción municipal. Indica que é algo que se plantexará no futuro, sendo este punto o inicio da modificación normativa que permita cambiar o uso do solo.

Intervén dona Maria Esther Díaz, do grupo municipal do PP, para indicar que o seu grupo non comparte a necesidade de obtención de solo residencial e que inclínase por considerar que a necesidade é de solo dotacional, a efecto de que o Concello dispoña de solo que permita acometer outros fins e servizos. Pregunta acerca da situación de ocupación do Centro de Día, reconveñendo a Presidencia do órgano para centrar o debate no asunto da orde do día e puntualizando a Sra. Concelleira que da documentación do expediente extráese a declaración de que non é necesario ampliar dita instalación e ese é o motivo da súa pregunta acerca da existencia de prazas libres ou o nivel de ocupación do Centro. Don Manuel Varela indica que carece neste momento de datos concretos para facilitarllos, ofrecéndolle á concelleira a posibilidade de formular preguntas concretas por escrito con antelación suficiente para a obtención dos datos segundo se establece no Regulamento de Participación Veciñal. Intervén don Manuel Beceiro para sinalar que a non necesidade de ampliación ven respaldada por informes técnicos que teñen estudado a situación para poder realizar dita afirmación.

Suficientemente debatido o asunto da orde do día e sen producirse máis intervencións, a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, ditamina favorablemente por 2 votos a favor do grupo municipal do BNG, 1 voto en contra do grupo municipal do PP e 1 abstención do grupo municipal do PSOE e propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Modificación Puntual Número 3 sobre as Normas Subsidiarias de San Sadurniño e ordenación detallada da AR-1, nos termos que obran no expediente.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e anunciarase, ademais, nun dos xornais de maior difusión na Provincia. Durante devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran a Modificación, incluído o estudo ambiental estratéxico, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>].

TERCEIRO. Suspende a tramitación e o outorgamento de licenzas nas áreas afectadas pola modificación das normas subsidiarias que supoñen una transformación do réxime urbanístico vixente, e que se refire á zona non urbana do sector.

Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

CUARTO. Remitir o expediente á persoa titular da Consellería competente en materia de Urbanismo para que emita informe tras realizar as consultas pertinentes e proceda a solicitar informe do Instituto de Estudos do Territorio e outros sectoriais que estime ou que así indique ao Concello da Administración Autonómica.

QUINTO. Solicitar ás Administracións Públicas competentes os seguintes informes previstos pola Lexislación sectorial do Estado:

- Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (artigo 35 da Lei 9/2014, de Telecomunicacións)"

Intervén dona María Muíño, voceira do Grupo Municipal do BNG, para indicar que se trata dunha modificación puntual que fai referencia aos terreos existentes ao lado do Centro de Día, que figuran actualmente como solo urbano consolidado na maior parte agás un pequeno espazo na parte traseira do citado centro que é rústico de especial protección. Indica que estes terreos pasarían a ser solo urbano non consolidado, o que implica unha serie de obrigas de cesión en beneficio da poboación, como son dotacións, viais e zoas verdes. Sinala que o obxectivo prioritario é a planificación detallada desta zona



Concello de San Sadurniño

arredor do Centro de Día e que o destino poida ser de equipamentos e uso residencial, chan dispoñible para o Concello para a construción de vivenda e equipamentos orientados a servizo público. Indica que considera que é beneficioso para o deseño urbano de San Sadurniño e para a execución da planificación urbanística e futuros proxectos que poidan desenvolverse. Considera que é unha aposta de futuro para dotar ao Concello de chan para o impulso de vivenda de promoción pública que responde a unha realidade demográfica e a unha necesidade social.

Intervén dona Belén Trigo, do Grupo Municipal do PP, para sinalar que, en primeiro lugar o seu grupo considera que se pretende un cambio de uso das terras para que pasen de uso dotacional a uso residencial para dotar ao Concello de solo para vivenda de dotación pública, e indica que na Comisión Informativa plantexouse se a finalidade era a vivenda de promoción pública e contestouse que condicionado á financiación por parte da Xunta de Galicia, en caso contrario serían outro tipo de vivendas. Dí que na súa opinión o que vai no informe é unha cousa pero xa se verá se é iso o que se pretende construír.

Sinala que no informe de avaliación ambiental plantéxanse tres posibilidades e indica que lle chaman a atención: unha é a de manter a clasificación existente, respecto do que o Concello indica que non opta por ela porque o solo urbano ten xeometría e dimensións non adecuadas para parcelas residenciais e dotacionais; a segunda de calificar todo o terro de dotacional para unha futura ampliación do Centro de Día, que tamén é rexeitada por non existir déficit neste tipo de equipamento. Neste punto indica que fixo averiguacións ao respecto, e que si ben non ten coñecemento da existencia de lista de agarda porque a consulta habería que facela ao Consorcio e non foi viable no tempo para ter a información nesta sesión, é coñecedora de que das 40 prazas do Centro, 38 atópanse ocupadas, polo que conclúe que non é certo que non haxa déficit deste servizo ou non compadecida cunha visión de futuro acorde coa poboación envellecida do Concello, si ben é certo que no proxecto sinalase que unha pequena porción do terreo vai destinada a unha posible ampliación se fora necesaria. Sinala que a terceira opción, que é a adoptada polo Concello, é a de ampliación de equipamento asistencial adxacente e terreo para cinco vivendas en réxime de protección pública.

Continúa sinalando que existe un informe do Instituto de Estudos do Territorio que indica que a alternativa elexida non é a máis axeitada dende o punto de vista da protección da paisaxe, sinalando a sra. concelleira que a construción de vivendas de dous pisos no solo que se pretende destinar a iso suporía tapar as vistas que existen agora no Centro de Día, así como dificultar a entrada de luz polas fiestras de este edificio.

En nome do Grupo Municipal do PP, dona Belén Trigo propón a ampliación de zonas verdes que poidan servir de esparcemento aos usuarios maiores e a ampliación do aparcamento existente, moi pequeno, para quen vaia recoller ou visitar aos usuarios, en lugar de vivendas de protección oficial. Puntualiza que o seu grupo non está en contra das vivendas de protección oficial pero cre que hai espacio suficiente para ese uso no termo municipal, se esa é a intención, da que dubida á vista da resposta obtida na Comisión Informativa. Na súa opinión, trátase dunha recalificación que realiza o Concello en terreo propio e considera que non é de recibo cando existen alegacións de particulares ao proxecto de Plan Xeral que aínda non se teñen contestado.

Considera a voceira do Grupo Municipal do PP que entende que estamos en época de eleccións e, achegándose o segundo prazo de pagamento da zona urbana dos terreos da Cooperativa, é unha operación para limpar a mala imaxe para que non se vexa o pago desorbitante que tivo que asumir o Concello por unha mala xestión.

Finaliza a súa intervención sinalando que os maiores teñen dereito a un Centro de Día de calidade, e que non é que o PP non queira o Centro de Día, senón que o quere dentro da lei aínda que sinala que o BNG dí outras cousas ao respecto, e que en conclusión queren que o terreo sexa para ampliar o Centro de Día, para unha posible futura residencia de maiores, pero non para vivendas.

Retoma a palabra dona María Muiño, do Grupo Municipal do BNG, sinalando que vai voltar a explicar a cuestión por rigurosidade. Enfatiza que non se trata dunha recalificación e remítese á documentación do expediente para indicar que o terreo a día de hoxe é urbano consolidado, polo que podería construírse xa na súa maioría, pero na configuración física hai un pequeno trozo non consolidado. Nunha planta regular, mantéñese a clasificación de urbano, pero pasa a non consolidado e engádesse un



Concello de San Sadurniño

pequeno trozo para darlle regularidade á totalidade. Reitera que non se trata dunha recalificación, senón que se asume o establecemento de obrigas que agora non existirían, en beneficio da xeneralidade; viais, dotacións e zoas verdes, e que o que se pretende é mellorar a planificación urbanística da parcela. Indica que esta modificación permite optar por diferentes usos: un é o de vivenda pública, pero non exclúe unha dotación de finalidade social. Sinala que a posible residencia que sinalou a voceira do grupo municipal do PP sería tamén ben acollida polo grupo de goberno, e que ogallá se plantexa a posibilidade, pero non é moi optimista ao respecto tendo en conta que das 7 residencias prometidas sucesivamente pola Xunta de Galicia non se ten construído ningunha, polo que sería casualidade que unha delas fora en San Sadurniño. Non confía, en definitiva, nesa posibilidade.

Respecto da indicación da necesidade de espazo para aparcamento, sinala que por parte da concelleira do grupo municipal do PP realizouse en pleno gravado unha lectura de parte dos documentos coa intención de dar información sesgada, e reseña que o proxecto e no mesmo documento do que dou lectura parcial conténse unha previsión de 12 prazas de aparcamento público. Interrompe dona Belén Trigo para puntualizar que, delas, 5 corresponden ás vivendas, reconvíndolle dona María Muiño en lectura literal que son 12 prazas de aparcamento público e 5 a maiores para vivendas, cun total de 17. Continúa dona María Muiño sinalando que respecto da consideración de realizar vivenda pública, trátase dun proxecto e unha intención a futuro do equipo de goberno, pero é necesario sempre contar coa intervención da administración competente en materia de vivenda, neste caso a Xunta de Galicia. Respecto da indicación da existencia de chan suficiente para construción de vivenda, sinala que é coñecedora da existencia de varias parcelas á venda en mans privadas, que non sabe se a indicación da concelleira foi para invitar ao Concello á súa compra, pero que en todo caso resulta insuficiente e neste caso trátase dun chan que é propiedade do Concello e a posibilidade que se ve é o de orientalo a unha finalidade de interese que puidera fomentar o asentamento da mocidade do municipio.

Respecto da consideración sobre o Centro de Día, indica a voceira do grupo municipal do BNG que, de ser necesaria a súa ampliación, hai unha previsión no espazo dotacional. Sinala que as prazas ocupadas non son só de usuarios veciños de San Sadurniño, xa que se está a derivar xente doutros Concellos, se ben os locais teñen preferencia. Indica que, se nalgún momento, dentro do longo trámite de concesión de praza que non lle compete ao Concello, se outorgara unha praza a un veciño de San Sadurniño, éste tería preferencia sobre calquera outra solicitude doutro concello, e que si é necesario ampliar o servizo público, o equipo de goberno será o primeiro en pedir recursos de calidade e públicos, e que estarían encantados de que a Xunta de Galicia estivera na mesma liña.

Estimándose suficientemente debatido o asunto sen necesidade de novas quendas de intervención e sométese a votación o asunto da orde do día, aprobándose por 6 votos a favor do Grupo Municipal do BNG e 3 votos en contra do Grupo Municipal do PP os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Modificación Puntual Número 3 sobre as Normas Subsidiarias de San Sadurniño e ordenación detallada da AR-1, nos termos que obran no expediente.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e anunciarase, ademais, nun dos xornais de maior difusión na Provincia. Durante devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran a Modificación, incluído o estudo ambiental estratéxico, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>].

TERCEIRO. Suspender a tramitación e o outorgamento de licenzas nas áreas afectadas pola modificación das normas subsidiarias que supoñen una transformación do réxime urbanístico vixente, e que se refire á zona non urbana do sector.

Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

CUARTO. Remitir o expediente á persoa titular da Consellería competente en materia de Urbanismo para que emita informe tras realizar as consultas pertinentes e proceda a solicitar informe do Instituto de Estudos do Territorio e outros sectoriais que estime ou que así indique ao Concello da Administración Autonómica.

QUINTO. Solicitar ás Administracións Públicas competentes os seguintes informes previstos pola Lexislación sectorial do Estado:

- Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (artigo 35 da Lei 9/2014, de



Concello de San Sadurniño

Telecomunicacións)"

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta Periodo Medio de Pago 2T2022

Dase conta da rendición do Periodo Medio de Pago do Segundo Trimestre de 2022, dando o Sr. Alcalde a palabra á Secretaria-Interventora municipal, quen indica que se trata tanto de dar conta ao Pleno do valor numérico do citado Periodo Medio de Pago segundo consta na documentación do expediente como de dar conta do feito da súa rendición ao Estado.

Dación de conta Decretos do 359/2022 ao 424/2022

Non se producen intervencións.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Declaración institucional de apoio á iniciativa legislativa popular promovida pola plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia

Intervén o Sr. Alcalde, don Secundino García, para sinalar que o presente punto da orde do día ven considerada como Declaración Institucional aínda que orixinalmente viña presentada como moción, e da paso á intervención da voceira do Grupo Municipal do BNG, dona María Muiño.

Comeza a exposición dona María Muiño, concelleira do grupo de goberno, rogando á oposición, especialmente despois de tela escoitado nos puntos anteriores, o seu apoio para a presente declaración institucional.

Indica que se trata de apoiar unha iniciativa de diferentes asociacións fronte ao actual desmantelamento da atención primaria, que considera porta de entrada ao servizo público de sanidade, derivado do peche de puntos de atención, escasa presencialidade nos mesmos, desaparición ou escaso persoal en servizos fundamentais como o de matrona para a saúde das mulleres, saúde mental, pediatría... e indica que o que se pretende é chegar a debatir no Parlamento Galego unha serie de medidas que se conteñen no texto e pasa a dar lectura literal das mesmas:

- Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.
- Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.
- Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazos.
- Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos.



Concello de San Sadurniño

- Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.

- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.

- Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.

- Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros

Sinala tamén que estas medidas deberían aprobarse de maneira urxente e ir acompañadas dun aumento progresivo do orzamento de atención primaria ata acadar o 25% do orzamento de sanidade.

Indica que a atención primaria ten un papel fundamental na ampliación da expectativa de vida, na prevención de enfermidades, na atención á infancia...

Concédeselle a palabra ao grupo municipal do PP e a súa voceira, dona Belén Trigo, intervén para indicar que fanse propostas que fan recapacitar, como o establecemento da presencialidade como norma xeral das consultas, o establecemento dun mínimo de persoal por habitante, é dicir, poñer máis profesionais, acabar coa precariedade do persoal, reabrir consultas pechadas... pero que vai parar aquí porque quere sinalar que o seu grupo fixo unha investigación acerca de quen ven sendo a Plataforma SOS Sanidade Pública, e atoparon que dita plataforma é partidista, sendo o voceiro en Galicia de dita plataforma Manuel Martín García, que é médico nomeado membro do Consello Asesor do Sistema Sanitario de Galicia polo goberno bipartido entre 2006 e 2009, e que participou na elaboración do documento "Propostas de transformación da atención primaria en Galicia" publicado en febreiro de 2009, onde se indican cousas como que é necesaria unha reforma que implique a redución de puntos e un menor consumo de profesionais, é dicir, propón cerrar PACs e reducir o número de médicos. Considera que non é serio o que se propón polo equipo de goberno porque ven dunha asociación que non é seria, e que o indicado voceiro critica na TVG as doazóns realizadas por Amancio Ortega pero non critica as que chegan do Estado de España.

Considera dona Belén Trigo que é certo que a Sanidade está mal en Galicia, pero non é algo exclusivo, está mal en todas as Comunidades Autónomas, falta xente e especialidades en todas elas e é certo que se necesitan melloras, pero deben presentarse a través de algo serio, considerando que o presentado "é de risa".

Manifesta que o seu partido levou a Madrid dunha serie de propostas, como a modificación do sistema de selección de prazas MIR, crear e axilizar a especialidade de medicina de urxencias, a revisión do sistema de acreditación de unidades docentes, o incremento de prazas de profesionais, un rexistro de profesionais... que surxiron no debate do Estado da Nación e o BNG votou en contra. Reitera que, por outra banda, o voceiro da citada asociación deixou claro no seu momento que na súa opinión había que eliminar os PAC, e polo tanto o seu grupo non considera que a proposta presentada sexa seria.

Toma a palabra dona María Muiño, voceira do Grupo Municipal do BNG, para indicar que visto o contido da moción, agardaba poder aprobala por unanimidade pero constata que é difícil. Reflexiona acerca de que na súa opinión a situación da Sanidade é froito de decisións políticas, sinalando neste punto a incidencia da redución orzamentaria na materia. Sinala que a competencia de sanidade corresponde á Xunta de Galicia e que na súa opinión a folla de ruta é de privatización, e considera que se é así o correcto sería defender tal opción en lugar de sacar notas e cousas así. Pregunta ao Grupo Municipal do PP se está de acordo co contido, realiza unha lectura dos puntos de solicitude e volve a preguntar se está de acordo e é importante a parte dispositiva.

Interpelada, dona Belén Trigo, do Grupo Municipal do PP, sinala que sí poden estar de acordo pero non en nome da Asociación SOS Sanidade Pública de Galicia. Asimesmo, pregunta se non consideran que a



Concello de San Sadurniño

Sanidade mellorou dende 2009, respostando varios concelleiros do Grupo Municipal do BNG que non. Novamente pregunta se non subiron as subvencións nesta materia, e dona María Muiño, do Grupo Municipal do BNG, toma a palabra para sinalar que dende 2009 houbo unha baixa do 22% no orzamento de atención primaria, sinalando que hai menos profesionais, que un só facultativo da cobertura a varios Concellos porque non se cubren as baixas, que o servizo de pediatría itinerante desapareceu, e indicando o caso concreto de concellos cercanos que levan sen médico cáseque dous anos e o prazo de agarda para unha cita é de oito días.

Dona Belén Trigo intervéen para sinalar que existe un servizo de urxencias e que as citas poden ser presenciais ou telefónicas.

Dona María Muíño indica que considera que é un dato obxectivo que a Sanidade non está mellor, detallando que polo xeral a xente asina peticións a este respecto.

Finalizada a quenda de intervencións, don Secundino García, Alcalde, indica que considera que as posturas están claras. Sinala que a política consiste en facer posible o que é necesario. Reflexiona acerca da existencia de varias facultades de Medicina en Galicia e o feito de que fórmanse profesionais pero logo desenvolven a súa labor profesional fora por mor da precariedade existente. Indica que na súa opinión debía reclamarse a potestade ou competencias necesarias para exercer a competencia de Sanidade, incluída por exemplo a de formación de pediatras, e que non é correcto botar a culpa aos de fora e logo facer "o que manda Madrid", mantendo a consideración de que a Sanidade está peor que antes. Indica que a privatización e os investimentos desmedidos están a afogala, e fai referencia a cuestións como o pago do servizo de televisión polos usuarios de hospitais ou os aparcamentos como exemplo de privatización. Relata tamén o seu coñecemento de que na semana pasada non había pediatra e que era necesario acudir a Ferrol para urxencias, razoando respecto da intervención de dona Belén Trigo que efectivamente hai urxencias pero non atención primaria, que é o que se demanda.

Dona Belén Trigo pregunta se hai pediatras dispoñibles, respostando don Secundino García que sí os hai pero están fora porque non se lles atrae e o traballo é precario. Intervén dona María Muiño para sinalar que o que se lles ofrece a estos profesionais son peores condicións e peor soldo.

Don Secundino García finaliza a quenda de intervencións considerando que é bo crear debate e avivar o debate social, que exista unha iniciativa legislativa popular, que o que se pretendía era apoiar esta iniciativa e promover o debate, sen coñecer á plataforma que a respalda nin ao voceiro da mesma. Indica que a iniciativa chegará a ser debatida no Parlamento Galego, sendo a xente a que pida unha serie de cuestións.

Sometida a votación, apróbase a Declaración Institucional que se transcribe a continuación por 6 votos a favor do Grupo Municipal do BNG e 3 votos en contra do Grupo Municipal do PP:

"A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.



Concello de San Sadurniño

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria a poboación e crean listas de agarda inaceptables. Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade. Para facer fronte a esta situación, o concello de San Sadurniño,

ACORDA:

Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:

- Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.
- Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvaguardar a calidade da atención aos pacientes.
- Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.
- Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urgencias pechados durante os últimos anos.
- Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas



Concello de San Sadurniño

categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.

- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.

- Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.

- Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.

Todas estas medidas, recollidas na ILP, deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Por este motivo acordamos, ademais de apoiar a ILP, colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade."



Concello de San Sadurniño

Rogos e preguntas

1. Intervén don José Luis Hermida, do Grupo Municipal do PP, para rogar o arranxo do alumeado que vai dende San Sadurniño a Cornide, indicando que varios postes teñen os cables á vista e é perigoso. Don Secundino García, Alcalde, indica que toman nota desa circunstancia e tratarán de arranxalo o antes posible.
2. Intervén dona Belén Trigo, do Grupo Municipal do PP, para rogar o arranxo da pista en Naraío entre O Furado e Racamonde, xa que ten coñecemento das dificultades de tránsito polo camiión de reparto de leite. Don Secundino García, Alcalde, resposta informando que unha parte desa vía, a de peor estado, está xa adxudicada e en breve iniciarase a execución, e que na outra parte estase elaborando un proxecto para pistas non incluídas noutras actuacións e probablemente resulte acometida neste. Indica asimesmo que baches hai sempre pero que se intenta actuar.
3. Intervén don José Luis Hermida, do Grupo Municipal do PP, para indicar que reproduce a queixa de varios veciños en relación aos camiños de A Braña e A Veiga-Vilanova, respostándose polo Sr. Alcalde que o camiño de A Braña está incluído tamén no proxecto a realizarse e o de A Veiga non é a Vilanova, senón a Tineo, e que xa está adxudicado. Reitera don José Luis Hermida un rogo realizado noutro pleno anterior acerca da instalación dunha sinal en Cornide que limite a 50 km/h a velocidade de circulación, nun punto en que existen dúas saídas e resulta perigoso. O Sr. Alcalde indica que haberá que falar coa AXI (Axencia de Infraestructuras) para o cambio de sinalización, se ben indica que no seu momento estaba xa limitado a 50 pero foi precisamente o Concello o que pediu que se marcara a 70. D. José Luis Hermida pon de manifesto que existe unha fonte á que se dirixe xente maior que ten menos capacidade de reacción ante un vehículo a velocidade alta. O Sr. Alcalde indica que sen dúbida é así, pero quere deixar constancia de que o anterior cambio foi solicitado tamén polo Concello, pero que haberá que falar cos técnicos na materia para adoptar a mellor medida de seguridade vial, que é ao final do que vai o tema, rexeitando a consideración como "punto negro", pois na súa opinión esta consideración tivera dado lugar a medidas hai tempo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 5ZQ3ZM42D72RKKVGM929AMZZ4 | Corrección: <https://sansadurnino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 22

nome	data	expediente	procedemento
DECRETO 2022-0424 [Resolución de Alcaldía]	21/09/2022 13:39	127/2022	Servizos Sociais
DECRETO 2022-0423 [Resolución de Alcaldía]	21/09/2022 13:39	127/2022	Servizos Sociais
DECRETO 2022-0422 [RESOLUCION ALCALDIA CESE auxiliar administrativa pos adicional]	21/09/2022 10:28	611/2022	Nóminas
DECRETO 2022-0421 [RESOLUCION CESE RELACION LABORAL (PEL 2022)]	20/09/2022 10:50	610/2022	Nóminas
DECRETO 2022-0420 [Decreto da convocatoria]	19/09/2022 11:49	JGL/2022/27	Convocatoria de A Xunta de Goberno Local
DECRETO 2022-0419 [Resolución de concesión]	16/09/2022 15:06	544/2022	Festas
DECRETO 2022-0418 [Resolución de Alcaldía de Adjudicación]	16/09/2022 15:06	199/2022	Contratacións
DECRETO 2022-0417 [Resolución asignacion xornadas]	15/09/2022 12:56	127/2022	Servizos Sociais
DECRETO 2022-0416 [Axente de igualdade-Listaxe provisional 09-2022-Resolución]	14/09/2022 13:55	509/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2022-0415 [Resolución de Alcaldía de Adjudicación]	09/09/2022 13:14	198/2021	Contratacións.
DECRETO 2022-0414 [Decreto da convocatoria]	08/09/2022 23:43	JGL/2022/26	Convocatoria de A Xunta de Goberno Local
DECRETO 2022-0413 [Resolución Alcaldía Festas de Bardaos 2022]	08/09/2022 15:46	569/2022	Festas
DECRETO 2022-0412 [DECRETO 2022-0408 [Aprobación Certificación 1 e final]	06/09/2022 13:24	288/2022	Contratacións
DECRETO 2022-0411 [Decreto da convocatoria]	05/09/2022 12:35	MDN/2022/1	Convocatoria de MESA DE NEGOCIACION
DECRETO 2022-0410 [CME- Padrón fiscal 09-2022]	05/09/2022 10:15	57/2022	Liquidación
DECRETO 2022-0409 [Aprobación Certificación 3]	05/09/2022 10:15	169/2021	Contratacións.
DECRETO 2022-0408 [Aprobación Certificación 4 Pavillón]	05/09/2022 10:15	81/2021	Contratacións.
DECRETO 2022-0407 [Resolución liquidación recargo]	02/09/2022 12:46	504/2022	Procedemento Xenérico
DECRETO 2022-0406 [Aprobación Certificación 7]	01/09/2022 14:55	194/2021	Contratacións.
DECRETO 2022-0405 [Decreto Aprobación Certificación 6]	01/09/2022 14:10	194/2021	Contratacións.
DECRETO 2022-0404 [DECRETO BAIXA SAF-DEPENDENCIA_Elia Felicitas Villar Castro]	31/08/2022 15:24	571/2022	Servizos Sociais
DECRETO 2022-0403 [Aprobación Certificación 5]	31/08/2022 15:24	194/2021	Contratacións.
DECRETO 2022-0402 [Resolución de Alcaldía]	31/08/2022 15:24	572/2022	Modificacións Orzamentarias



DECRETO 2022-0401 [Resolución de Alcaldía]	31/08/2022 11:22	568/2022	Celebración Matrimonios Cívís e Unións de feito
DECRETO 2022-0400 [Decreto da convocatoria]	30/08/2022 14:15	JGL/2022/25	Convocatoria de A Xunta de Goberno Local
DECRETO 2022-0399 [Resolución alcaldía liquidación agosto EIM A Rolada]	30/08/2022 13:36	565/2022	Padrón Fiscal
DECRETO 2022-0398 [Padrón auga 2º trimestre 2022]	29/08/2022 15:08	447/2022	Padrón Fiscal
DECRETO 2022-0397 [Resolución de Alcaldía adjudicación contrato menor "Prevención incendios"]	25/08/2022 14:56	439/2022	Contratacións
DECRETO 2022-0396 [RESOLUCION ALCALDIA agosto 2022 asignacion grupos politicos]	25/08/2022 13:14	480/2022	Nóminas
DECRETO 2022-0395 [resolucion alcaldía nominas agosto 2022]	25/08/2022 12:13	478/2022	Nóminas
DECRETO 2022-0394 [Resolución de Alcaldía rectificativa do Decreto 378/2022]	24/08/2022 16:05	481/2022	Festas
DECRETO 2022-0393 [Resolución de alcaldía solicitudes posto XIII Feira Rural]	24/08/2022 12:45	445/2022	Actividades ou Cursos
DECRETO 2022-0392 [CME-Extinción Mundo pericial-08-2022]	23/08/2022 14:48	541/2022	Fomento da Actividade Económica
DECRETO 2022-0391 [CME-Extinción Vegasil-08-2022]	23/08/2022 14:47	541/2022	Fomento da Actividade Económica
DECRETO 2022-0390 [Decreto da convocatoria]	22/08/2022 12:04	PLN/2022/7	Convocatoria de O Pleno
DECRETO 2022-0389 [Resolución Alcaldía adjudicación]	22/08/2022 11:50	181/2022	Contratacións
DECRETO 2022-0388 [Resolución de alcaldía solicitudes Cursos de Natación agosto]	19/08/2022 10:42	358/2022	Actividades ou Cursos
DECRETO 2022-0387 [CME-Autorización cambio PROLEGA-08-2022]	18/08/2022 14:26	541/2022	Fomento da Actividade Económica
DECRETO 2022-0386 [Decreto da convocatoria]	18/08/2022 14:15	JGL/2022/24	Convocatoria de A Xunta de Goberno Local
DECRETO 2022-0385 [Resolución de Alcaldía de Adjudicación]	18/08/2022 12:36	192/2022	Contratacións
DECRETO 2022-0384 [CME-Padrón fiscal 08-2022]	18/08/2022 12:34	57/2022	Liquidación
DECRETO 2022-0383 [CME-Autorización Correos-Vento Rede-08-2022]	18/08/2022 11:24	541/2022	Fomento da Actividade Económica
DECRETO 2022-0382 [resolución tarxeta estacionamento 194-2022]	10/08/2022 12:26	483/2022	Cartóns e Reservas de Aparcadoro para Persoas en Situación de Discapacidade
DECRETO 2022-0381 [Resolución de Alcaldía]	10/08/2022 11:47	494/2022	Convenios
DECRETO 2022-0380 [Decreto da convocatoria]	09/08/2022 11:49	JGL/2022/22	Convocatoria de A Xunta de Goberno Local



DECRETO 2022-0379 [cese natalia bouzamayor lopez por incorporacion fina	08/08/2022 11:42	395/2021	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2022-0378 [Resolución Festa do Neno San Paio de Ferreira 2022]	08/08/2022 10:20	481/2022	Festas
DECRETO 2022-0377 [DECRETO ALCALDÍA BAIXA MARÍA LÓPEZ ROMERO]	08/08/2022 10:09	515/2022	Servizos Sociais
DECRETO 2022-0376 [DECRETO ALTA SAF MUNICIPAL ÁNGELA JUSTO SIXTO (2)]	02/08/2022 14:44	492/2022	Servizos Sociais
DECRETO 2022-0375 [Resolución de Alcaldía Lista provisional admitidos Traballador Social]	02/08/2022 13:10	26/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2022-0374 [Resolución de Alcaldía aprobando a Lista provisional de admitidos ao proceso de selección]	02/08/2022 13:02	29/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2022-0373 [Resolución_ CELEBRACIÓN DA XXIV MARCHA CICLISTA A FERROLTERRA]	02/08/2022 12:48	77/2022	Certificados ou Informes Urbanísticos
DECRETO 2022-0372 [PADRON SAF]	02/08/2022 12:48	489/2022	Padrón Fiscal
DECRETO 2022-0371 [Resolución de Alcaldía de Inicio]	29/07/2022 11:59	266/2022	Contratacións
DECRETO 2022-0370 [Resolución Alcadia liquidación xullo EIM A Rolada]	28/07/2022 17:01	474/2022	Padrón Fiscal
DECRETO 2022-0369 [Resolución Convocatoria Axente de Igualdade]	28/07/2022 9:41	271/2022	Procedemento Xenérico
DECRETO 2022-0368 [Resolución de Alcaldía]	27/07/2022 14:10	242/2022	Procedemento Xenérico
DECRETO 2022-0367 [Decreto da convocatoria]	27/07/2022 8:54	JGL/2022/21	Convocatoria de A Xunta de Goberno Local
DECRETO 2022-0366 [Resolución de Alcaldía]	26/07/2022 15:26	467/2022	Peticións de Espazos e Recursos
DECRETO 2022-0365 [Adhesion Convenio Xunta Fegamp para administracion electronica]	26/07/2022 15:26	473/2022	Convenios
DECRETO 2022-0364 [Mesa contratación permanente Alcaldía]	26/07/2022 12:57	468/2022	Contratacións.
DECRETO 2022-0363 [RESOLUCION ALCALDIA xullo 2022 asignacion grupos politicos]	26/07/2022 8:58	417/2022	Nóminas
DECRETO 2022-0362 [resolucion alcaldia nominas xullo 2022]	26/07/2022 8:43	415/2022	Nóminas
DECRETO 2022-0361 [Decreto da convocatoria]	22/07/2022 14:41	PLN/2022/6	Convocatoria de O Pleno
DECRETO 2022-0360 [Resolución de Alcaldía]	22/07/2022 12:48	455/2022	Contratacións
DECRETO 2022-0359 [Axudas auditorías da auga 2022-Solicitud-Resolución]	22/07/2022 12:48	465/2022	Subvencións Solicitadas a Outra Administración



MOCIÓN DE APOIO Á INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PROMOVIDA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA

A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e dismantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria a poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Para facer fronte a esta situación, o concello de San Sadurniño,

ACORDA:

Apoiar a Iniciativa Legislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento Galego, debata e aprrobe unha serie de medidas:

- Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.
- Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.
- Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.
- Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urgencias pechados durante os últimos anos.
- Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia,



atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.

- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.
- Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.
- Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.

Todas estas medidas, recollidas na ILP, deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Por este motivo acordamos, ademais de apoiar a ILP, colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.

San Sadurniño, 23 de setembro de 2022

Asdo. O Alcalde

Secundino García Casal

